

Obxectivos:

Hoxe en día a Administración exerce un papel esencial na regulación das relacións sociais desde todas as súas perspectivas, ben como propoñente das normas que han aprobar os respectivos parlamentos ben como lexislador material en determinados ámbitos. Para que este labor normativo se desenvolva de forma óptima, debe axustarse a unha serie de directrices que constitúen unha sorte de manual común para todas as entidades públicas.

Neste curso abordarase, desde un punto de vista práctico, o proceso de elaboración dunha norma, analizando como se deben estruturar os contidos que a integran e que linguaxe e estilo se debe utilizar para que as normas sexan certas e comprensibles, así como en xeral todos aqueles aspectos que se deben observar para que a produción normativa sexa de calidade.

Persoas destinatarias:

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional, que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

Convocatoria:

DOG núm. 232, do 1 de decembro de 2025.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal

Web EGAP: <https://egap.xunta.gal>

Inscripción: egap.xunta.gal/matricula

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Curso monográfico

As directrices de técnica normativa: como redactar boas normas con claridade

Santiago de Compostela, 16 e 17 de decembro de 2025



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

MARTES, 16 DE DECEMBRO

MAÑÁ:

09:30 h. **Introdución. Estilo e linguaxe normativa:** maiúsculas, arcaísmos, estranxeirismos, formatos, emprego de sinónimos, conxuncións, etc.

14:30 h. Fin da xornada da mañá.

TARDE:

16:30 h. **Aspectos xerais:** división, contido, reprodución de preceptos legais en regulamentos.

Título da norma: natureza, nomeamento, uso restritivo de siglas e abreviaturas.

19:30 h. Fin da xornada da tarde.



MÉRCORES, 17 DE DECEMBRO

MAÑÁ:

09:30 h. **Parte expositiva:** índices, denominación, contido, consultas e informes, contidos específicos, división, fórmulas promulgadoras.

Parte dispositiva: disposicións xerais; sistemática e división; artigos. Redacción e división.

14:30 h. Fin da xornada da mañá.

TARDE:

16:30 h. **Parte final:** clases de disposicións (adicionais, transitorias, derogatorias, finais), criterios, numeración e titulación, disposicións tipo.

Normas de modificación, remisións e citas.

19:30 h. Fin do curso.

DOCENCIA:

Joaquín Meseguer Yebra.

Conselleiro técnico. Dirección Xeral de Planificación de Recursos Humanos. Área de Goberno de Facenda e Persoal. Concello de Madrid.

NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.

As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal>